



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de agosto de 2022, aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó segundo trimestre do exercicio 2022.

O importe total do padrón ascende a CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS E SESENTA E UN CÉNTIMOS (14.994,61 €), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 22 de agosto de 2022 ao 22 de outubro de 2022** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 2º trimestre 2022.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 606

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 10.611,80€; IVE: 1.061,18€; Canon Xunta Cota fixa: 1.416,12€; Canon Xunta Cota Variable: 1.905,51€, Total importe padrón: 14.994,61€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 30 de agosto de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2522

O CORGO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES DAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A MEDIA XORNADA (1 CONSERXE PARA O CEIP) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DO CORGO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO "PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022".

Por Resolución da Alcaldía do 12 de agosto de 2022 aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal a media xornada (1 conserxe para o CEIP) que se contrate no concello do Corgo ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego 2022”.

As citadas bases publicáronse no BOP de Lugo nº 196, do 27 de agosto de 2022, abríndose prazo de presentación de instancias.

Con posterioridade, detectáronse dous erros que se describen de seguido:

No título das bases fíxose referencia ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, sendo o ano 2022.

Por outra parte, a base novena, referente á formalización dos contratos de traballo, é incorrecta, ao establecer que se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado, cando este tipo de contrato foi suprimido de acordo co establecido na disposición transitoria cuarta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro.

Por resolución da Alcaldía do 2 de setembro deste ano, resolveuse corrixir estes erros das bases aprobadas, que quedarán redactadas como se transcribe de seguido, sendo válidos todos os demais apartados das bases aprobadas e publicadas:

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A MEDIA XORNADA (1 CONSERXE PARA O CEIP) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DO CORGO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022””

“NOVENA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá á formalización do contrato laboral temporal a tempo parcial, a media xornada, para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, conforme á lexislación vixente e ao amparo da subvención concedida no plan único de cooperación da Deputación Provincial de Lugo.”

A presente corrección de erros non implica unha nova apertura do prazo para a presentación de solicitudes.

O Corgo, 5 de setembro de 2022.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 2537

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2022 adoptou o acordo número 24/352 de aprobación **das bases polas que se regula a concesión de subvencións ás asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo**, o que se fai público a través do presente anuncio:

PRIMEIRO.- Convocatoria dunha subvención dirixida a asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no concello de Lugo para o ano 2022 de conformidade co establecido nestas bases.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto inicial de **10.000 euros** con cargo á **partida do vixente orzamento municipal 3200048900**.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes **“BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2022**.

1º.- Obxecto e finalidade da subvención

Estas bases teñen por obxecto a concesión dunha subvención ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado.

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nestas bases, na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; no que proceda á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; así como á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime